

Chequeré

Dir. Marcos Rguez. Rguez.

A LA SAMBA - Mitchell Peters

TENGO UNA DEBILIDAD - Don Fabián

PIENSA EN MI - Agustín Lara

MINOUCHE - Hardí Schneiders

MAMBO JAMBO - Pérez Prado

B. M. Vilagarcía de Arousa

Dir. Jesús Nogueira Franco

TERCIO DE QUITES (Pasodoble) - R. Taléns

THE PHANTOM OF THE OPERA - Johan de Meij

LA BODA DE LUIS ALONSO (Intermedio) - Giménez

B.S.M. Ribadeo

Dir. Bernardo Méndez Castro

BALADA GALEGA - Xoan Montes

KING ARTHUR - Kees Schoonenbeek

I Camelot Castle

II Lancelot

III Ginevere

IV Merlin

V Excalibur

THE SYMPHONY MARCHES - John Williams

The Raiders March

The Imperial March

Olympic Fanfare and theme



Asociación Amadores da Música

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA



EXCMA. DEPUTACIÓN
PROVINCIAL

música


entre lusco e fusco

2004

Chequeré

Banda de Música de Vilagarcía de Arousa

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo



17 de xullo de 2004

20:30 h.

Praza da Música • RIBADEO

Chequeré

En Setembro do ano 2002, un grupo de estudantes de percusión, liderados polo seu profesor, deciden mostrar en público o seu traballo, e para elo crean este grupo que tivo unha grande aceptación en todas as súas actuacións. Nos seus concertos ofrecen música de todo tipo, pero sobre todo salsa e boleros. Teñen actuado ata o momento en varias localidades da Mariña e do occidente asturiano e inda que debido ás súas obrigas de estudos non poden adicarlle ao grupo demasiado tempo, non cabe dúbida de que lle sacan un grande partido deixando ao público con ganas de voltar escoitalos.

Marcos Rodríguez

(Ribadeo 1980)

Comeza estudos de solfexo co profesor Hernán Naval Parapar quen lle contaxia o seu grande amor pola música, de tal xeito que parece que fóra dela nada ten sentido. Xa de cativo e ao tempo que estuda no conservatorio de Viveiro, Hernán tómao como axudante de percusión da Escola Municipal de Música de Ribadeo.

Remata os estudos de grao medio no Colexio Oficial Fingoí de Lugo con matrícula de honor. Foi seleccionado para formar parte da Banda da Federación Galega de Bandas de Música e para a Big Band ca que asistiu aos encontros de Xóvenes Músicos Europeos en Suíza e mais en Noruega. Colaborou en varias zarzuelas cos virtuosos de Moscú baixo a batuta de Mariano Rivas. No ano 2003 foi seleccionado para formar parte da Banda Sinfónica Minhó-Galaica e con invitación especial para o presente 2004. Asistiu a diversos cursos de percusión á vez que tamén impartiu outros.

Na actualidade é profesor da escola Municipal de Música de Ribadeo e segue a ampliar os seus estudos co profesor Ramiro Couce.

Banda de Música de Vilagarcía de Arousa

Nace no ano 1865 como banda militar e no ano 1873 pasa a pertencer ao Concello. Tivo como tódalas Bandas épocas de esplendor e de crises sobre todo económicas. Múltiples directores sobre todo militares a dirixiron. Máis dunha vez desapareceu,

pero volveu renacer. A súa desaparición máis recente foi en 1999 cando se disolveu estando baixo a dirección de D. Fermín Feijoo Trabazo, quen se fixera cargo da dirección en 1986. Na actualidade está formada por 60 alumnos, a maioría da escola de música que dirixe D. Alfoso Galbán Rico.

Coa inquietude de que os alumnos da escola de música tiveran a oportunidade de tocar nunha agrupación, o estreo desta nova etapa faino diante do pobo de Vilagarcía en Agosto de 2003 baixo a batuta de D. Jesús Nogueira Franco.

Conta cunha subvención municipal e co apoio total do seu concello.

Jesús Nogueira Franco

(Vilanova de Arousa 1973)

Aos 7 anos comeza estudos musicais e de trompeta da man do seu pai D. Jesús Nogueira Nouriño e doutros músicos. Remata a titulación no conservatorio superior de Vigo coas máximas cualificacións.

Realiza concertos coa Orquesta Sinfónica de Galicia, coa Banda Sinfónica (grava un CD de música de películas) e coa Xove Orquesta de Galicia, participando en ocasións como solista en colaboración co Orfeón Terra a Nosa en xiras por Galicia, Sudamérica e Portugal. Fai a gravación dun CD do conto Pedro e o Lobo, diversos concertos coa B.M. da Coruña e dende o ano 2001 ao 2003 actúa contratado como fliscorno solista na B.M. de Santiago de Compostela.

Participa en dúos de trompeta e piano, é membro fundador do kitenno de Metais Santa Eulalia.

Fixo numerosos cursos dos que destacan os realizados con Benjamín Moreno e José M^a Ortí Soriano. Tamén realiza cursos de dirección con mestres da talla de Marcel van Bree, Henry Adams, Francisco Grau, Johan de Meig e Jan Cober.

Dirixiu a Banda Cultural de Vilanova de Arousa, Banda de Vilagarcía de Arousa, Banda Escuela de Música de Ortigueira, Municipal de Noia, Silleda, Lalín, Campo Lameiro, Castrelo e Antas de Ulla.

Na actualidade é director da B. M. de Chantada e da Escola de Música de Danza da mesma localidade. Así como director da B. de Vilagarcía de Arousa.

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Promovida pola Asociación Amadores da Música en convenio permanente co Excmo. Concello de Ribadeo, fixo a súa presentación como moderna Banda de Concertos no ano 1992. Baixo a Dirección de D. Hernán Naval Parapar e ata o seu pasamento no ano 2001 ten actuado en cidades como Coruña, Lugo, Santiago, Ferrol, Murcia, Oviedo, Aranjuez, Barcelona, Madrid, Lisboa, Tomar, etc. etc.

Tralo duro golpe que supuxo a perda do seu director, tenta recuperarse e acadar de novo a súa identidade. Fugazmente foi dirixida por directores da talla de Marcel van Bree e de Mariano Rivas e logo de dous anos baixo a batuta de José Luis Alvarez Braña, atópase actualmente nas mans do xove talento Bernardo Méndez Castro.

Bernardo Méndez Castro

Nace en Lugo no seo dunha familia de artistas e comeza estudos musicais da man do seu pai. Remata os estudos de trombón nos conservatorios superiores de Santiago e Coruña obtendo as máis altas cualificacións. Segue estudos en Madrid asistindo a cursos con prestixiosos profesores de Europa e EE.UU. como Indalecio Bont, John Etterbeek, Don Immel, Christian Lindberg, Jörgen van Rijen, etc.

Becado pola Orquesta Sinfónica de Galicia coa que colabora no Festival Internacional de Murcia, no Festival Lírico Jerezano e na difusión da Música española para Radio Nacional, e seleccionado para realizar estudos de posgrao no Róterdam Conservatorium (Holanda) sendo o primeiro español na súa especialidade que obtén dita Praza.

Realiza diversos cursos e colaboracións con directores como James Ross, Enrique García Asensio, Marcel van Bree, etc.

Foi membro da Banda Municipal de Lugo, profesor e xefe de estudos no conservatorio profesional de Sarria, dirixiu a Banda e a escola Municipal de Música de Bande (Ourense) e ten aprobada por oposición unha praza na Banda Sinfónica Municipal de Madrid. Ademais é membro fundador do trío "Ludus Trombonis" con que grava un CD, e do quinteto "Xanaman Galician Brass". Tamén colabora coa Banda Sinfónica de Galicia e coa Orquesta Nacional de España.